



Concello de
OURENSE



Gabinete de Prensa
Praza Maior, s/n
prensa@ourense.gal
988.388.121

O Concello valora trasladar aos sábados as feiras do 7 e 17

- A idea do goberno local é impulsar a hostalaría e aproveitar o fluxo de visitantes que chegará á cidade no AVE a partir de decembro deste ano ou xaneiro de 2022
- O goberno local considera esta medida un “impulso para a hostalaría local, nunca unha competencia”, celebrando catro feiras cada mes

Ourense, 17 de outubro de 2021.-

O goberno local quere darlle un novo enfoque ás tradicionais feiras locais do 7 e do 17 de cada mes e valora celebralas todos os sábados. A idea é a de impulsar a hostalaría e aproveitar o fluxo de visitantes que chegará á cidade a partir de decembro deste ano ou xaneiro de 2022 no AVE desde Madrid.

Esta medida sería, en palabras do alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, “un impulso para a hostalaría local, nunca unha competencia”, de forma que habería catro feiras ao mes e sumar un aliciente máis para ese perfil de turista de fin de semana que chegaría desde a meseta.